

RESOLUCIÓN DO 10 DE ABRIL DE 2024, DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA, POLA QUE SE DESIGNA O TRIBUNAL QUE AVALIARÁ A PROBA EXTERNA DO PROGRAMA DE DOBRE TITULACIÓN DE BACHAREL E BACCALAURÉAT PARA O CURSO ACADÉMICO 2023/2024.

A Resolución do 8 de marzo de 2024, da Dirección xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se convoca a proba externa do programa de dobre titulación de Bacharel e Baccalauréat para o curso académico 2023/2024 e se ditan instrucións para o seu desenvolvemento establece na súa cláusula sexta que, en exercicio das súas competencias, e de acordo co artigo 7.2 do Real Decreto 102/2010, do 5 de febreiro, a Dirección xeral nomeará o tribunal avaliador da proba externa sobre as materias específicas do currículo mixto do Programa para o alumnado de segundo de Bacharelato que, no presente curso académico, estea cursando o currículo mixto do programa *Bachibac* establecido por Orde EDU/2157/2010, de 30 de xullo.

De conformidade co anterior, e en exercicio das competencias atribuídas polo artigo 22 do decreto 119/2022, de 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, esta Dirección xeral

RESOLVE

Primeira-. Nomear, como membros do tribunal que deberá xulgar a proba externa, as seguintes persoas:

Presidenta titular: Dona María del Mar Villaverde Lamas, funcionaria do corpo de Catedráticos de Ensino Secundario na especialidade de Francés. DNI: ***0936**.

Vogal Secretaria titular: Dona Sonia Vázquez Gómez, funcionaria do corpo de Profesores de Ensino Secundario na especialidade de Francés. DNI: ***6285**.

Vogal titular: Don Jacobo Lorenzo Nespereira, funcionario do corpo de Profesores de Ensino Secundario na especialidade de Xeografía e Historia. DNI: ***7840**.

Presidenta suplente: Dona María Jesús Lorenzana Lamelo, funcionaria do corpo de Catedráticos de Ensino Secundario na especialidade de Francés. DNI: ***5745**.



Vogal Secretaria suplente: Dona Sandra Rodríguez Nieto, funcionaria do corpo de Profesores de Ensino Secundario na especialidade de Francés. DNI: ***6923**.

Vogal suplente: Don Iván García Ambrúñeiras, funcionario do corpo de Profesores de Ensino Secundario na especialidade de Xeografía e Historia. DNI: ***1182**.

Segunda-. A proba realizarase nas datas, horario e lugar de realización aos que se refire a cláusula quinta da Resolución do 8 de marzo de 2024.

Terceira-. As funcións e competencias deste tribunal quedan reflectidas na cláusula sexta da dita Resolución.

Cuarta-. A presente resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no portal educativo <https://www.edu.xunta.gal>.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

A Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa,
Judith Fernández Novoa

